

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

20498 *Real decreto 1822/2009, do 27 de novembro, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.*

O Real decreto 2064/2004, do 15 de outubro, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros, establece a normativa básica nesa materia, de conformidade co establecido no Regulamento (CEE) n.º 2847/93 do Consello, do 12 de outubro de 1993, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común. As posteriores modificacións do citado regulamento e a promulgación do Regulamento (CE) n.º 1966/2006 do Consello, do 21 de decembro, sobre o rexistro e a transmisión electrónicos das actividades pesqueiras, reforzaron o réxime de control aplicable en todos os ámbitos da política pesqueira.

O Regulamento (CE) n.º 1966/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006, sobre o rexistro e a transmisión electrónicos das actividades pesqueiras e sobre os medios de teledetección, establece, nos seus artigos 1 e 3, que a partir do 1 de xaneiro de 2009, no caso de compradores autorizados, lonxas autorizadas ou outras entidades ou persoas autorizadas, cuxo volume de negocio anual nas primeiras vendas de produtos pesqueiros exceda os 400.000 euros, a primeira nota de venda e, se procede, a declaración de recollida se rexistrarán de forma electrónica e se transmitirán ás autoridades competentes en cuxo territorio teña lugar a primeira comercialización.

O Regulamento (CE) n.º 1077/2008 da Comisión, do 3 de novembro de 2008, establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1966/2006, do Consello, sobre o rexistro e a transmisión electrónicos das actividades pesqueiras e sobre os medios de teledetección, establece no seu artigo 2 que cada Estado membro elaborará unha lista dos compradores autorizados, as lonxas autorizadas e os demais organismos ou persoas autorizados por el, encargados da comercialización de produtos da pesca, que teñan un volume de negocios actual de produtos pesqueiros superior a 400.000 euros.

O Regulamento (CEE) n.º 2847/1993 do Consello, do 12 de outubro de 1993, establece, no seu artigo 9, a obrigatoriedade de emitir notas de venda a todas as lonxas ou outros organismos ou persoas autorizadas polos Estados membros cando se efectúe a primeira comercialización. Neste sentido, o Real decreto 2064/2004 obriga á emisión de notas de venda a todas as primeiras vendas efectuadas, sen excepción.

Dada a atomización do sector da primeira venda de produtos da pesca no mercado nacional e a lexislación actualmente en vigor, considérase coherente exixir a todas as primeiras vendas, sexa cal sexa a súa contía, os documentos informatizados que dela derivan.

Os lugares de desembarque e descarga mencionados neste real decreto serán designados polo Goberno ou polas comunidades autónomas, segundo se trate de portos lugares de descarga de competencia autonómica ou estatal. Isto sen prexuízo de que a designación dos peiraos e lugares dentro dos portos designados corresponde, en todo caso, ás autoridades portuarias.

Porén, na descarga dos produtos da pesca capturados por buques de países terceiros que faenen en augas comunitarias ou capturados por buques da Unión Europea que operen fóra das augas comunitarias, os portos e lugares serán designados polo Goberno, ao tratarse de produtos obxecto de importación e que deben cumprir cos requisitos e trámites alfandegueiros pertinentes.

O establecido neste real decreto aplicarase sen prexuízo das competencias concorrentes doutros departamentos en materia de comercio exterior.

A regulación contida neste real decreto aplícase á primeira venda dos produtos da pesca, con ocasión do seu desembarque ou descarga en España, tanto se foron capturados por buques da Unión Europea, como se se trata de produtos da pesca capturados por buques de países terceiros que faenen en augas comunitarias.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece nos seus títulos II e III a normativa básica de ordenación do sector pesqueiro e de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, e faculta o Goberno para o seu desenvolvemento regulamentario.

Así pois, e sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios, mediante este real decreto procédese a adaptar o noso ordenamento interno, nesta materia, á citada normativa comunitaria.

De conformidade co previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1999, e o Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, esta disposición foi remitida á Comisión Europea e aos demais Estados membros. Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e o sector pesqueiro afectado.

A disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, autoriza o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de novembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular a primeira venda dos produtos da pesca, capturados por buques da Unión Europea, con ocasión do seu desembarque ou descarga en territorio nacional, así como a primeira venda dos produtos da pesca capturados por buques de países terceiros que operen en augas comunitarias.

2. Será de aplicación aos produtos da pesca, vivos, frescos, refrixerados, conxelados e ultraconxelados, sen transformar ou transformados a bordo, envasados ou non, excepto os procedentes da acuicultura e do marisqueo.

Artigo 2. *Lugares de desembarque e descarga.*

1. Os produtos da pesca obxecto deste real decreto só poderán ser desembarcados en España nos portos designados polo Goberno ou polos órganos competentes das comunidades autónomas, segundo se trate de portos de competencia autonómica ou estatal, e nos peiraos ou lugares designados polas autoridades portuarias.

No suposto de que non sexan desembarcados en porto, a súa descarga poderase realizar naqueles lugares que determinen as comunidades autónomas ou o Goberno, no seu ámbito de competencias.

2. Cando se trate de produtos da pesca capturados por buques de países terceiros que faenen en augas comunitarias ou por buques da Unión Europea que faenen fóra das augas comunitarias, os portos e lugares de desembarque ou descarga serán aqueles designados polo Goberno.

Artigo 3. *Primeira venda.*

1. Para efectos deste real decreto, entenderase por primeira venda a que se realice por primeira vez dentro do territorio da Unión Europea e na cal se acredite documentalmente o prezo do produto.

2. Cando a primeira venda dos produtos da pesca se realice en España, poderase levar a cabo nos lugares que a continuación se indican e, de se efectuar esta mediante

poxa, neles non se poderán realizar segundas poxas, unha vez que na primeira recaese adxudicación:

a) Produtos da pesca vivos, frescos e refrixerados: a primeira venda dos produtos da pesca realizarase na lonxa dos portos, a través dos titulares da súa concesión ou entidades xestoras autorizadas para realizar esa actividade.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, tamén se poderá realizar a primeira venda en centros ou establecementos autorizados polas comunidades autónomas nos supostos que a continuación se indican:

- 1.º Cando se trate de produtos que non se descarguen en porto.
- 2.º Cando a primeira venda se leve a cabo nos territorios insulares que non dispoñan de lonxa.
- 3.º Cando se trate de capturas realizadas coa modalidade de pesca de almadraba.

b) Produtos conxelados, ultraconxelados ou transformados a bordo: a primeira venda dos produtos da pesca conxelados, ultraconxelados ou transformados a bordo realizarase nos centros ou establecementos autorizados polas comunidades autónomas.

c) Produtos da pesca capturados por buques de países terceiros que faenen en augas comunitarias: a primeira venda dos produtos da pesca capturados por buques de países terceiros que operen en augas comunitarias considerarase realizada no momento da súa introdución no territorio nacional.

3. Cando os produtos non sexan obxecto de primeira venda nas lonxas, unicamente poderán ser adquiridos por compradores autorizados polas comunidades autónomas, xa se trate de persoas físicas ou xurídicas, centros ou establecementos.

Artigo 4. *Requisitos que deben reunir os lugares onde se realice a primeira venda.*

Co obxecto de poder cumprir coas obrigas de control derivadas da normativa da Unión Europea para o efecto, as lonxas e os centros ou establecementos autorizados polas comunidades autónomas para realizar as primeiras vendas dos produtos da pesca deberán reunir, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Dispor de equipamentos informáticos suficientes e adecuados para a obtención e transmisión, nos prazos requiridos, ao órgano competente da comunidade autónoma e, de ser o caso, da Administración xeral do Estado, de todos os datos que se precisen sobre as transaccións que neles se efectúen para o seu control estatístico.

b) Dispor de sistemas de pesaxe precisos e adecuados ás características dos produtos pesqueiros obxecto de transacción.

c) Publicar os horarios de funcionamento e informar con antelación das primeiras vendas, calquera que sexa o lugar onde estas teñan lugar.

Artigo 5. *Nota de venda.*

1. Na primeira venda dos produtos da pesca, sexa cal for a modalidade da transacción, unha vez feita efectiva, deberase formalizar o documento nota de venda, de forma electrónica, que deberá conter, polo menos, os seguintes datos:

a) A denominación comercial e científica de cada especie e a súa zona de captura, de acordo co Regulamento (CE) n.º 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello, no relativo á información do consumidor no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

b) Para os produtos da pesca frescos, o tamaño ou peso dos exemplares, presentación e frescura, de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 2406/96 do Consello, do 26 de novembro de 1996, polo que se establecen normas comúns de comercialización para determinados produtos da pesca, para as especies reguladas neste.

- c) A cantidade vendida e o prezo por quilo, de cada especie.
- d) O destino dos produtos.
- e) Identificación, nome e apelidos ou razón social do comprador e do vendedor.
- f) Lugar e data da venda.
- g) Referencia ao contrato de compravenda, nas vendas contractuais.
- h) O nome, as marcas de identificación externa e pavillón do buque para os produtos desembarcados de buques comunitarios, así como o número interno do buque que figura no Rexistro comunitario de buques de pesca, de ser o caso.
- i) O nome, as marcas de identificación externa, o indicativo internacional de radio e pavillón do buque para os produtos desembarcados de buques de países terceiros.
- j) O nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro.
- k) O porto e a data de desembarque ou o lugar e a data da descarga ou o lugar e a data da importación.
- l) Referencia ao documento de transporte, declaración de recollida ou ao documento T2M, DUA (documento único de alfándegas) ou EUR 1 (certificado de circulación de mercadorías) en que conste a orixe das cantidades transportadas, cando os produtos se poñan á venda nun lugar distinto ao de desembarque ou descarga.

2. Serán responsables de formalizar e emitir a nota de venda e da súa presentación ante as autoridades competentes, de acordo co establecido no artigo 22.2.c) do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, e co contido do Regulamento (CE) n.º 2846/98 do Consello, do 17 de decembro de 1998, que modifica o Regulamento (CEE) n.º 2847/93 do Consello, do 12 de outubro de 1993, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común:

- a) O concesionario da lonxa e, no seu defecto, os axentes autorizados pola autoridade portuaria ou pola comunidade autónoma para a realización da primeira venda.
- b) O titular do centro ou establecemento autorizado.
- c) Os importadores para os produtos da pesca capturados por buques de países terceiros que operen en augas comunitarias, con base nos datos procedentes do DUA.

3. O prezo, expresado en euros, que figure na nota de venda dos produtos da pesca frescos e conxelados, deberá coincidir co prezo de venda que conste na correspondente factura, sen incluír impostos.

Artigo 6. *Declaración de recollida.*

1. Cando os produtos da pesca desembarcados ou descargados non se poñan á venda ou se destinen a unha posta en venda ulterior ou adiada, o seu propietario ou o seu representante formalizará o documento de declaración de recollida, de forma electrónica, e será responsable da súa presentación ante o órgano competente da comunidade autónoma.

2. O documento de declaración de recollida deberá conter, polo menos, os seguintes datos:

- a) A denominación comercial e científica de cada especie e a súa zona xeográfica de captura ou de cría, de acordo co Regulamento (CE) n.º 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001.
- b) Para todas as especies, o peso desagregado por cada forma de presentación do produto.
- c) O nome, as marcas de identificación externa e pavillón do buque para os produtos desembarcados de buques comunitarios, así como o número interno do buque que figura no Rexistro comunitario de buques de pesca, de ser o caso.

- d) O nome, as marcas de identificación externa, o indicativo internacional de radio e pavillón do buque para os produtos capturados por buques de países terceiros.
- e) O nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro.
- f) O porto e a data de desembarque ou o lugar e a data de descarga ou o lugar e a data da importación.
- g) O lugar ou lugares en que os produtos estean almacenados.
- h) O número de referencia do contrato de recollida.
- i) De ser o caso, a referencia ao documento de transporte ou ao documento T 2 M, DUA ou EUR 1 en que conste a orixe das cantidades transportadas.

3. Cando a comercialización dos produtos da pesca fose obxecto dun prezo contractual ou dun prezo a tanto global fixado para un período de tempo determinado, o propietario dos produtos ou o seu representante deberá formalizar, así mesmo, o documento de declaración de recollida e remitilo ao órgano competente da comunidade autónoma, sen prexuízo da posterior presentación da nota de venda unha vez que esta se formalice.

Artigo 7. *Documento de transporte.*

1. Os produtos da pesca, en relación cos cales non se formalizase nota de venda nin declaración de recollida e que se transporten a un lugar distinto do de desembarque, descarga ou importación, deberán ir acompañados do documento de transporte, ata o lugar onde se almacene, se transforme ou se efectúe a primeira venda.

2. O documento de transporte debe conter, polo menos, os seguintes datos:

- a) O nome, as marcas de identificación externa e pavillón do buque para os produtos desembarcados procedentes de buques comunitarios, así como o número interno do buque que figura no Rexistro comunitario de buques de pesca, de ser o caso.
- b) O nome, as marcas de identificación externa, o indicativo internacional de radio e pavillón do buque para os produtos desembarcados procedentes de buques de países terceiros.
- c) O lugar en que se realizou a importación do envío, no suposto de produtos capturados por buques de países terceiros que operen en augas comunitarias que non se realicen por barco, de acordo co establecido no artigo 13.2.a) do Regulamento (CEE) n.º 2847/1993, do Consello.
- d) O nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro.
- e) O lugar de destino do produto e a identificación do vehículo de transporte.
- f) As cantidades de peixe de cada especie transportadas, expresadas, de ser o caso, en quilogramos de peso transformado, a denominación científica e comercial de cada especie e a súa zona xeográfica de captura ou de cría, de acordo co Regulamento (CE) n.º 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001.

3. O transportista da mercadoría será o responsable da emisión do documento de transporte e da súa presentación ante o órgano competente da comunidade autónoma de orixe do produto.

Os responsables da primeira venda entregaranlle ao transportista o documento de transporte ou, no seu defecto, proporcionaranlle os datos necesarios para que tal documento sexa elaborado polo propio transportista.

Artigo 8. *Documentos que acompañan o produto no transporte posterior á primeira venda.*

No caso de que os produtos da pesca fosen vendidos de acordo con calquera das modalidades de venda previstas, e se transporten a un lugar distinto do de desembarque ou descarga, o transportista deberá probar en todo momento a transacción efectuada, mediante copia da nota de primeira venda, albará, factura ou outro documento que o acredite, en que deberá constar, polo menos, o lugar da primeira venda, a data de venda, a identificación das especies, as cantidades en quilogramos e o prezo.

Artigo 9. *Prazos para a remisión de documentos á autoridade competente.*

1. Os responsables da emisión das notas de venda remitirán estas, de forma electrónica, nun prazo de corenta e oito horas a partir da primeira venda, ao órgano competente da comunidade autónoma onde se efectúe a dita venda.

2. As declaracións de recollida e os documentos de transporte remitiranse nun prazo de corenta e oito horas a partir do momento do desembarque ou descarga ás autoridades competentes da comunidade autónoma onde fosen emitidas.

3. O transportista dos produtos da pesca desembarcados ou descargados noutro Estado membro da Unión Europea cuxa primeira venda se vaia realizar en España deberá presentar, nun prazo de corenta e oito horas a partir do desembarque, unha copia do documento de transporte á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura da Secretaría Xeral do Mar.

Artigo 10. *Réxime sancionador.*

As infraccións ao disposto neste real decreto sancionaranse de conformidade co establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, sen prexuízo da aplicación das normas autonómicas ditadas no exercicio das súas competencias.

Disposición adicional primeira. *Comunicación de información.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura da Secretaría Xeral do Mar, na primeira quincena de cada mes, os datos obtidos das primeiras vendas que se realicen na súa comunidade no mes anterior.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura as concesións de autorización a persoas físicas ou xurídicas, establecementos ou lugares autorizados para que poidan realizar a primeira venda dos produtos da pesca, nun prazo de quince días a partir da resolución de autorización.

3. De acordo co disposto no artigo 72 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e co obxecto de garantir o cumprimento polo Estado das súas obrigas coa Unión Europea no control e aplicación das medidas da política pesqueira común, establecidas no Regulamento (CEE) n.º 2847/93 do Consello, do 12 de outubro de 1993, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán á Subdirección Xeral de Asuntos Pesqueiros Comunitarios, da Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura da Secretaría Xeral do Mar, os datos mensuais de produción dos produtos de acuicultura e marisqueo, onde se recollan o volume de vendas, expresado en quilogramos, o prezo por quilogramo destas, lugar de cría ou zona de captura, centro de expedición ou establecemento de primeira venda, e o nome comercial e científico, para cada unha das especies postas á venda.

4. Os produtores remitirán os datos mensuais, citados no punto anterior, na primeira semana do mes seguinte a aquel a que se refiren os datos, ao órgano competente da comunidade autónoma, o cal o remitirá á Subdirección Xeral de Asuntos Pesqueiros Comunitarios na segunda quincena do citado mes.

Disposición adicional segunda. *Informatización.*

1. A Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros e Acuicultura, da Secretaría Xeral do Mar, e os órganos competentes das comunidades autónomas manterán os mecanismos adecuados de coordinación para a implantación de bases de datos informatizadas que permitan o intercambio electrónico de datos mediante formatos e protocolos de comunicación normalizados.

2. Nesas bases rexistraranse tamén os datos relativos aos recursos pesqueiros a que se refire o artigo 6.4 do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002.

Disposición adicional terceira. *Confidencialidade.*

As administracións públicas competentes en cada caso adoptarán as medidas necesarias co fin de garantir un tratamento confidencial dos datos recibidos en virtude deste real decreto, restrinxíndose o seu uso aos fins para cuxo cumprimento se achegan, salvo que se deban usar para protexer a saúde pública.

Disposición adicional cuarta. *Documentación específica.*

Para todas as especies para as cales se establecese a obriga de iren acompañadas dunha documentación específica, deberase presentar tal documentación, xunto coa establecida neste real decreto, en calquera momento, por solicitude das autoridades competentes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 2064/2004, do 15 de outubro, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto constitúe lexislación básica en materia de ordenación do sector pesqueiro, ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución española, en canto sexa aplicable a produtos procedentes da Unión Europea. En relación cos produtos procedentes de países terceiros, o real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.10.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Exceptúase o artigo 2.2, ditado en virtude da competencia sobre pesca marítima regulada no artigo 149.1.19.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA